

LIMIAR

Eu podería facerme agora de novas, pero a verdade é que dende hai varios anos sei dun poeta lucense chamado Luís Valle que é capaz de lograr esa concisión emocional que ti, lector, vas empezar a gozar de aquí a un pouco, ou que quizabes xa gozaches se empezaches este libro por onde debías: polos poemas do Luís. Eu vino vir polas paisaxes de Lugo e polos territorios da emoción nun libro que se chama *Zigurat*, libro case secreto, de modesta edición e distribución escasa ou accidental, onde se atopan algúns, ou mellor dito bastantes dos máis exquisitos haikus que teño lido, e talvez os que máis me teñen feito desexar saber o suficiente xaponés pra gozar dalgúns dos clásicos na propia lingua orixinal. Cos haikus en linguas neolatinas –os únicos que podo eu ler– tenme pasado moitas veces isto: que me parecían algo forzados, e as dezasete sílabas seica obrigadas non me semellaban ser unha realidade métrica, senón unha simple imitación matemática a miúdo carente de ritmo. Cos haikus de Luís Valle non sucedía así; tamén é certo que case nunca ou nunca tiñan dezasete sílabas, nin moito menos 5/7/5. Tiñan as que cadraba, porque en vez de contar polos dedos o Luís contaba co ritmo do corazón, ou da respiración como mandaba Allen Ginsberg. A secuencia fónica xapone-

sa, inaprensible e insignificante pra nós –ou polo menos pra min– non é o que máis debe importar no haiku; o que conta é ese espírito de brevidade, esa síntese sentimental, redonda coma un seixo e afiada coma unha frecha, que se atopa con frecuencia en poemas de tres, ou de dous, ou de catro ou cinco versos, que poden ser, coma tal, de Novoneyra: *Chao da Lomba / Murelos! Penaboa! / Banda do Mallón! Ondas / das pincheiras outas!* Ou de Manuel María: *A terra arada e labrada / só quere ser sementada.* Ou pra non darmos xa máis voltas, estoutros da musa popular: *Vinte vir polo camiño: / parecíchesme unha rosa / no bico dun paxariño.* Porque a palabra xaponesa haiku anósase por triada, e das triadas novas que Luís Valle publicou no ano 2001 lembrarei só unha: *Pomba urbanita, / xa non che pon medo / o falcón peregrino?* Minto, porque o haiku orixinal dicía realmente *Paloma urbanita, / no te asustas ya / del halcón peregrino?* Pero é que eu adoeía por dicirvos que haberá dous anos tiven o pracer de traducir e publicar en galego algúns poemas de Luís Valle escritos orixinariamente en castelán. Por iso, e xa vai sendo hora de que volo diga, lle agradezo tanto que me fixera a honra de encargarme a min, un poeta vello que foi con seu pai á escola, este limiar pró seu primeiro libro en galego.

Se cadra agora conviña que eu falase un pouco doutro libro do Valle, este xa de edición máis normal, nunha pequena pero prestixiada editora estremeña: *Epitafio y corona para Manuel Quiroga*. Trátase dun grave libro elexíaco, un libro moi fermoso, onde se poden atopar iluminacións coma esta: *Con cola granate / llega otro ocase gritando entre los matorrales*. Pero non seguirei falando del, pois o que quero é saudar con entusiasmo este novo poemario, ou mellor dito, este poema que é *A caída*.

Bastantes meses antes de que este libro seducise o xurado do premio Caixanova, Luís Valle fíxome o agasallo de facermo chegar, e debo confesar que o lin cun entusiasmo dobre: o de irme enxopando coa palabra dura e concisa do poeta, e o de sentir a música marabillosa do noso idioma –del e meu– nestes versos dolorosos, docemente ásperos, constelados de achados expresivos de extrema brillantez, mais que nunca parecen rebuscados, senón que xorden cunha estraña naturalidade. Un lembra agora o dito dun fistor, Antonio Río Monteiro de Louzarella: «un arranque de palabras feitas que van coma polo río abaixo». Luís Valle non ten nada que ver co que se pode entender por un «poeta popular», un regueifeiro autodidacta; non, el é un poeta «culto», na mellor tradición moderna que se finca en Verlaine, ou en Gamoneda, ou que sei eu. Pero no fondo hai unha ductilidade, un flu-

ír das palabras que se cadra ten que ver non só co fistor de Louzarela, ou con outro calquera do noso civilizado país, senón co propio poeta paleolítico que escudado no lume e abrigado na caverna ouvea o seu espanto contra a noite en palabras rítmicas enguetadas unhas coas outras, que van saíndo do diafragma coma unha restra de saloucos. Ou vindo un pouco máis pra acó, que é o que sabemos, a min paréceme que un poeta apache de Arizona, ou hopi que fose, ben podería dicir *No deserto / a choiva / bautízame: / esmáltame / o corpo / con cicatrices brancas*. Évos así: ás veces, ou case sempre, os poetas son, ou somos, moi salvaxes, e tres mil anos de cultura escrita só nos serven pra descubriremos de novo as palabras que naceron do primeiro asombro, do primeiro espanto diante o mundo, cousa desamparada que nós somos.

Este libro do Luís Valle é certamente o seu mellor. Do primeiro, de *Zigurat*, arrastra a concisión, a tendencia á esencialidade verbal. Do segundo, *Epitafio y corona*, a fondura emotiva, e tamén a ganancia que representa perder algúns prexuízos expresivos. *Zigurat* era un libro marcado talvez por unha excesiva preocupación formal, por unha ansia de regularidades; en *Epitafio y corona* percíbese —paréceme a min— unha superación desa chamémoslle teima, e a forma non é xa

señora, senón escrava servizal, ou música esencial. Pois máis aínda n'A *caída*. Aquí haikus hai tres ou catro mal contados; pero o espírito haiku, se tal cousa existe, está en todos os versos deste libro no que eu non vexo –digo– máis ca un único poema fragmentado, entrecortado pola angustia, ritmado pola dor e o medo: o medo existencial que os seres humanos, probes de nós, arrastamos desde que inventamos esa cousa horrenda que é memoria e sentido do tempo. Se cadra falo mal lembrando os haikus; se cadra isto é algo moito máis primitivo cá graza un pouco abúlica dun literato xaponés farto de engulipar viño de arroz e de ollar flores de cerdeiras contra as neves perpetuas do Fujiyama.

Eu non sei se esta do Luís Valle é poesía vangardista ou non, nin sei, a estas alturas, qué cousa pode ser vangarda. Picasso aprendeu máis das covas de Altamira e das máscaras africanas ca dos impresionistas. Un poeta que di *logo bebín / paxaros escuros* pode ser un salvaxe cazador. Claro que se o achado de palabras é, coma tal, *vomito / este ceo somnábulo, / cuberto de selos, / de bandeiras / e de vergas*, entón xa parece que hai detrás dous ou tres mil anos de escritura. Pero é o mesmo: o pálpito esencial está na cova. O home –ou a muller– ante a noite profunda, ante a memoria, ante o baleiro, ante a conciencia terrible de que hai futuro e

morte. Con algún alustro de calor. Iso é o
que eu sinto lendo este libro de Luís Valle.

Darío Xohán Cabana